

CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE VALORIZACIÓN ENERGÉTICA DE LA BIOMASA (AVEBIOM) PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA BIOMASA.

REUNIDOS

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Dunha parte, Pablo Fernández Vila, en nome e representación da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, en adiante INEGA, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703-Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022, do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, Francisco Javier Díaz González, na súa calidade de presidente da Asociación Española de Valorización Energética de la Biomasa (en diante, AVEBIOM), asociación empresarial privada sen ánimo de lucro con domicilio social na rúa San Blas número 14, entreplanta dereita, código postal 47003 Valladolid, con CIF G47538525, elixido presidente da Asociación o 21 de maio do 2025 e facultado para este acto en virtude do artigo 11 dos estatutos da Asociación.

En virtude das competencias que lles corresponden, recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación suficiente para formalizar o presente convenio e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscripción a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores



económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- Que a Asociación Española de Valorización Energética de la Biomasa (AVEBIOM), ten entre os seus obxectivos:

- a) A promoción e o desenvolvemento do sector da valorización enerxética da biomasa en España.
- b) A representación e defensa dos intereses do sector.
- c) Desenvolver todas aquelas actividades que interesen aos seus membros, así como toda clase de servizos ou accións xerais ou particulares que acrediten o bo fin da entidade.
- d) Tamén colaborará coas administracións públicas e calquera outro organismo en cantos asuntos sexan de interese para o desenvolvemento da bioenerxía.
- e) A promoción de iniciativas para contribuír ao desenvolvemento sostible do medio rural, a conservación do medio, a innovación no medio rural e a organización da produción para contribuír á calidade de vida.

Terceiro.- O Inega levou a cabo con anterioridade accións dirixidas a promocionar a utilización da biomasa en edificios con axudas a particulares para proxectos térmicos de biomasa e con subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de equipos térmicos de biomasa.

Neste momento, o INEGA considera necesario actuar sobre o conxunto da poboación galega, xa que é necesario difundir o coñecemento desta tecnoloxía por ser cada cidadán un potencial usuario e/o un elemento para ter en conta á hora de tomar unha decisión e que AVEBIOM é o mellor instrumento para iso xa que é a asociación que máis amplamente representa o sector da biomasa térmica en edificios en España.

Por estes motivos, INEGA e AVEBIOM teñen interese en establecer un marco de diálogo e colaboración para a promoción e difusión da biomasa térmica en Galicia. E por iso, contando ambas as partes cos recursos necesarios para asumir os compromisos que se indican, aínda



no caso de non contarse co apoio doutras institucións públicas ou privadas, estiman oportuno subscribir o presente convenio, considerándose que o obxecto do mesmo non se atopa comprendido nos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En virtude do exposto, e recoñecéndose ambas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer o marco de colaboración entre o INEGA e AVEBIOM para a consecución de obxectivos comúns en materia de promoción da biomasa térmica na edificación.

En particular, ambas entidades colaborarán na difusión das posibilidades técnicas, de integración, económicas e financeiras das distintas opcións de uso da biomasa térmica entre a cidadanía, mediante o desenvolvemento das accións de divulgación que se detallan na cláusula segunda, no marco das actividades que AVEBIOM leva a cabo para a promoción deste tipo de enerxía.

Segunda.- Compromisos de AVEVIOM

No marco do presente convenio, AVEBIOM comprométese a organizar, promocionar, difundir e executar unha exposición itinerante ("roadshow") en catro localidades de Galicia.

Esta actuación consistirá nunha exposición instalada nun semirremolque de aproximadamente 13 metros de lonxitude, con ampliacións laterais que permiten acadar unha superficie expositiva aproximada de 60 m².

Durante os dous días de duración en cada localización, a exposición permitirá á cidadanía coñecer, de maneira directa e accesible, os conceptos de xestión forestal sostible (XFS) e o uso da biomasa como fonte de enerxía renovable, a través de contidos divulgativos claros, comprensibles e baseados en información contrastada.

A mostra foi deseñada para facilitar a comprensión e a retención dos contidos mediante unha experiencia inmersiva e interactiva, combinando estímulos auditivos, visuais e táctiles. Deste xeito, preténdese favorecer unha mellor comprensión sobre a importancia da xestión sostible dos montes e o potencial da biomasa como alternativa enerxética nos fogares.



En relación coas localizacións, datas previstas e custo, a exposición itinerante desenvolverase conforme á seguinte planificación:

CONCELLO	PROVINCIA	DATA
LALÍN	PONTEVEDRA	23 y 24 / 03 / 2026
SILLEDA [FERIA ENERXÉTICA-26]	PONTEVEDRA	25, 26 y 27 / 03 / 2026
NOIA	A CORUÑA	30 y 31 / 03 / 2026
SARRIA	LUGO	1 y 2 / 04 / 2026

O tempo que permanecerá a exposición aberta ao público en cada localización será de 2 días. Excepcionalmente, no caso de acudir a eventos expositivos como a Feira ENERXÉTICA, a duración da exposición será de 3 días, co seguinte horario:

- Apertura da exposición ás 9 da mañá para visita de escolares dalgúns centros da localidade.
- Apertura a partir das 12 horas ata o peche da exposición ás 20 horas, (cunha parada dende as 14h ata las 17h) para visitas da poboación en xeral.

No caso de eventos expositivos o horario será o establecido polos organizadores no recinto feiral ao que se acuda como un expositor máis.

Se por calquera circunstancia a exposición non se puidera levar a cabo nas ubicacións previstas, convocaríase a Comisión de Seguimento á que fai referencia a cláusula décimo segunda para consensuar unha localización alternativa.

Terceira.- Compromisos do INEGA

1. Financiar as actividades obxecto deste convenio, descritas na cláusula segunda, por importe total de 20.000 € de acordo coa especificación de custos que se amosan no Anexo I.
2. Facilitar o asesoramento técnico e colaboración que sexa necesaria para a elaboración dos contidos desta actuación.
3. Informar a AVEBIOM sobre as diferentes liñas de axudas relacionadas coa biomasa convocadas polo Inega.



4. Calquera outra función que resulte de mutua conveniencia por razón do obxecto do convenio.

Cuarta.- Financiamento

Para o desenvolvemento do obxecto do presente convenio previsto para o ano 2026, o Inega aportará a cantidade de vinte mil euros (20.000 €) sen IVE engadido, con cargo a aplicación orzamentaria 09.A3.733A.641.1 (proxecto 201600010) do seu orzamento de gastos para o ano 2026.

Quinta.- Gastos atendibles

Con carácter xeral, consideraranse gastos atendibles, aos efectos do presente convenio, aqueles que respondan de maneira indubitada á natureza das actuacións e aos fins do mesmo.

En particular, terán esta consideración os seguintes conceptos:

- Gastos derivados da organización e execución das catro mostras do *roadshow* nas localizacións previstas, incluíndo o aluguer de espazos e equipamentos, servizos de catering, gastos de relatoría, persoal de apoio e outros directamente vinculados á actividade.
- Gastos de inserción de publicidade relacionada cos eventos expositivos en medios de comunicación, tanto físicos como dixitais, incluídas as redes sociais.
- Gastos de deseño, produción, difusión e distribución de materiais divulgativos (carteis, folletos ou similares) vinculados ás accións de promoción, comunicación e difusión dos eventos.

Sexta.- Xustificación e pagamento.

1. O importe achegado polo INEGA destinarase exclusivamente a compensar os custos nos que incorra AVEBIOM no desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio, realizadas no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do presente ano.

Esta achega ten por finalidade cubrir os gastos, antes de impostos, derivados da execución das devanditas actuacións, sen que exista ánimo de lucro por parte de AVEBIOM.



2. Poderanse realizar pagamentos parciais que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas, unha vez solicitado o pago mediante a presentación dunha certificación de gastos da Asociación comprensiva dos gastos incorridos o desenvolver as actuacións definidas e a correspondente documentación xustificativa.

As ditas certificacións deberán presentarse por vía electrónica, sendo a data límite para presentación da última certificación o 15 de novembro de 2026, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relaciona a continuación:

- a) Memoria xustificativa das actividades realizadas e dos resultados obtidos. En todo caso, achegarase un exemplar de calquera entregable, material gráfico, folleto ou vídeo que se obteña no desenvolvemento das actividades. Nos casos daquelas actividades nas que se elabore documentación, materiais gráficos, de promoción, audiovisuais, ou calquera outro material en formatos analóxicos ou dixitais que se obteña no desenvolvemento das actividades deste convenio, achegarase copia dun exemplar ou a ligazón a webs e outros espazos virtuais relevantes nos que poida acreditarse a súa existencia.
- b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento, debidamente asinada polo responsable da entidade. Acompañarase das facturas e xustificantes de pagamento correspondentes.

Orixinais ou fotocopias compulsadas dos documentos acreditativos do investimento ou actuación, consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente e xustificante bancario do seu pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

As facturas e xustificantes de gasto deberán reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento relativo ás obrigacións de facturación.

En calquera caso, o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non terá a consideración de gasto elixible cando sexa susceptible de recuperación ou compensación. Non obstante, poderá considerarse elixible cando a entidade acredite a súa non recuperabilidade mediante certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), que deberá reflectir que non realiza declaracións nin autoliquidacións do imposto, xunto coa acreditación de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias. Estas certificacións deberán estar referidas á data de peche da xustificación dos gastos. Unha vez pechado o exercicio, poderá requirirse adicionalmente certificación acreditativa de non ter presentado a declaración anual do IVE.



- c) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta bancaria da Asociación onde debe realizarse o pagamento, na que conste: IBAN, ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.
- d) Certificados de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma agás que autorice a súa consulta.
- e) Outros ingresos: certificado de achegas concorrentes, públicas ou privadas, para a organización dos eventos xustificadas, non podendo superar o 100% do seu custo total.
- f) Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

3. Previo ao aboamento correspondente certificarase, polo responsable do proxecto, que os traballos realizados se axustan ao previsto no presente Convenio.

Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio non acaden os importes dos gastos xustificables.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no Anexo I, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Sétima.- Propiedade Intelectual

A propiedade intelectual e material dos traballos que resulten deste convenio será conxunta do Inega e da Asociación. A información que se obteña, os resultados das investigacións e o seu alcance poderán ser difundidos con autorización expresa da Asociación e do Inega deixando constancia nas publicacións da participación de cada unha delas. En toda a documentación ou documento relacionado co presente convenio producido en forma unilateral, farase constar a colaboración prestada polo outro membro sen que isto signifique responsabilidade algunha, respecto do contido da publicación ou documento.

Oitava.-Vixencia

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2026 con retroacción dos seus efectos, a fin de amparar as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2026.



Novena.- Comisión de seguimento

Para os efectos de seguimento do presente convenio, constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo representante da Asociación Española de Valorización Energética de la Biomasa e polo director do Inega, respectivamente, que terá como misión velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.

Décima.- Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Economía e Industria coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.



Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décimo primeira.- Relación contractual

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre as partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décimo segunda.- Responsabilidade fronte a terceiros

Habida conta dos riscos que se podan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, será responsabilidade de AVEBIOM os danos que se deriven a terceiros polo incumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio deste convenio.

Décimo terceira.- Publicidade

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Os asinantes manifiestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente convenio e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e resto de Rexistros Públicos que proceda.



Décimo cuarta.- Extinción do convenio e causas de resolución

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Considéranse causas de resolución as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Introducción de modificacións substanciais cando a Comisión de Seguimento non acorde a proposta dunha modificación do Convenio.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando conorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo quinta.- Natureza xurídica e resolución de conflitos

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

Este convenio ao ter carácter administrativo todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Inega e a Asociación, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seno da comisión de seguimento, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.



O presente convenio rexerase polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio, no lugar e data indicado ao comezo.

Polo Inega

Pola Asociación Española de Valorización
Energética de la Biomasa,

Pablo Fernández Vila

Por Resolución do 10/03/2017 de delegación de competencias da Presidencia da Axencia (DOG 27/03/2017) Francisco Javier Díaz González





ANEXO I : DESGLOSE DE ACTIVIDADES POR LOCALIDADE E CUSTO

CONCELLO	PROVINCIA	DATA
LALÍN	PONTEVEDRA	23 y 24 / 03/ 2026
SILLEDA [FERIA ENERXÉTICA-26]	PONTEVEDRA	25, 26 y 27 / 03 / 2026
NOIA	A CORUÑA	30 y 31 / 03 / 2026
SARRIA	LUGO	1 y 2 / 04 / 2026

PRESUPUESTO "BIOMASA EN TU CASA"
ITINERANCIA POR GALICIA

MUNICIPIO:
LALIN

PROVINCIA:
PONTEVEDRA

FECHAS:
23-24/03/2026

CONCEPTO	PRECIO /MUNICIPIO	Nº MUNICIPIOS	TOTAL
Gastos personal AVEBIOM	4.700 €	1	10.000 €
Servicios e Inversiones	1.500 €		
Gestión logística y ejecución expositiva de la unidad móvil	1.600 €		
Suministros, difusión publicitaria, marketing...	2.200 €		
BASE			10.000 €

APORTACION INEGA	50%		5.000 €
APORTACION AVEBIOM	50%		5.000 €

PRESUPUESTO "BIOMASA EN TU CASA"
ITINERANCIA POR GALICIA

MUNICIPIO:
SILLEDA

PROVINCIA:
PONTEVEDRA

FECHAS:
25-26-27/03/2026

CONCEPTO	PRECIO /MUNICIPIO	Nº MUNICIPIOS	TOTAL
Gastos personal AVEBIOM	4.700 €	1	10.000 €
Servicios e Inversiones	1.500 €		
Gestión logística y ejecución expositiva de la unidad móvil	1.600 €		
Suministros, difusión publicitaria, marketing...	2.200 €		
BASE			10.000 €

APORTACION INEGA	50%		5.000 €
APORTACION AVEBIOM	50%		5.000 €





**PRESUPUESTO "BIOMASA EN TU CASA"
ITINERANCIA POR GALICIA**

MUNICIPIO:
NOIA

PROVINCIA:
PONTEVEDRA

FECHAS:
30-31/03/2026

CONCEPTO	PRECIO / MUNICIPIO	Nº MUNICIPIOS	TOTAL
Gastos personal AVEBIOM	4.700 €	1	10.000 €
Servicios e Inversiones	1.500 €		
Gestión logística y ejecución expositiva de la unidad móvil	1.600 €		
Suministros, difusión publicitaria, marketing...	2.200 €		
BASE			10.000 €

APORTACION INEGA	50%		5.000 €
APORTACION AVEBIOM	50%		5.000 €

**PRESUPUESTO "BIOMASA EN TU CASA"
ITINERANCIA POR GALICIA**

MUNICIPIO:
SARRIA

PROVINCIA:
PONTEVEDRA

FECHAS:
1-2/03/2026

CONCEPTO	PRECIO / MUNICIPIO	Nº MUNICIPIOS	TOTAL
Gastos personal AVEBIOM	4.700 €	1	10.000 €
Servicios e Inversiones	1.500 €		
Gestión logística y ejecución expositiva de la unidad móvil	1.600 €		
Suministros, difusión publicitaria, marketing...	2.200 €		
BASE			10.000 €

APORTACION INEGA	50%		5.000 €
APORTACION AVEBIOM	50%		5.000 €

